



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE AGOSTO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:00 horas do día 22 de agosto de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lote 3)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que o 22 de xullo de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con MECANO SPORT, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 9 de agosto de 2019 o xefe do Servizo de Vías e Obras emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:42	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA149-592F27-2E5F36-PDZMMX-VPBSQ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ela cumprir o contrato”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda formular a seguinte proposta:

“Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe emitido polo xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de agosto de 2019, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

- Excluir do lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) a MECANO SPORT, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido polo xefe do Servizo de Vías e Obras de data 9 de agosto de 2019”.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) (corrección de erros)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 19 de agosto de 2019 no que se fai constar a existencia dun erro na táboa final coa orde descendente de clasificación das ofertas do informe do 6 de agosto, aceptado pola Mesa de Contratación na sesión do 12 de agosto.

Lémbrese que na mesma sesión se acordou propoñer á concelleira delegada de Contratación a clasificación deste procedemento así como o requirimento ao licitador clasificado en primeiro lugar da documentación necesaria para a adxudicación (artigo 150.2 da LCSP).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:42	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA149-592F27-2E5F36-PDZMMX-VPBSQ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

ANTECEDENTES

I.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 12 de agosto de 2019 formulou a proposta que deseguido se transcribe, en base ao informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 6 de agosto de 2019:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46
3	EULEN, S.A.	70,92
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

II.- O 13 de agosto de 2019 a concelleira delegada de Contratación resolveu de conformidade coa proposta do 12 de agosto anteriormente transcrita. Esta resolución foi notificada a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o día 14 de agosto.

III.- Con data do 19 de agosto de 2019 o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural emite un informe no que fai constar a existencia dun erro na táboa final que recolle a orde



descendente de clasificación das ofertas do informe do 6 de agosto, aceptado pola Mesa de Contratación na sesión do 12 de agosto. O referido informe inclúe a seguinte táboa na que unicamente se substitúe o nome do licitador clasificado en terceiro lugar (FLUGE GALICIA en lugar de EULEN, S.A.):

EMPRESAS LICITADORAS ADMITIDAS	1. Memoria Técnica (ata 45 puntos) Valorable con xuízo de valor	2. Baixa proporción al a aplicar aos prezos (ata 45 puntos) Valorable mediante fórmula	3.- Maior experienci a do/a xefe/a de sala (ata 10 puntos) Valorable mediante fórmula	PUNTUACIÓN TOTAL
1.- SOLIMUSIC EVENTS SLU	39.00	45.00	10.00	94.00
2.- PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.	39.00	36.46	10.00	85.46
3.- FLUGE GALICIA	24.00	36.92	10.00	70.92
4.- SACAFERRO S.L.	23.00	11.08	10.00	44.08

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

No caso que nos ocupa advertiuse un erro no nome da empresa clasificada en terceiro lugar. Onde se indicaba EULEN, S.A. debe dicir FLUGE GALICIA. A empresa EULEN, S.A. nin sequera participou nesta licitación.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación. Esta competencia está delegada na concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019. Mediante resolución da Alcaldía do 13 de agosto de 2019 delegouse temporalmente esta competencia no concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos.

RESOLUCIÓN

En base ao anterior, propónse ao concelleiro delegado da Área de Fomento e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:42	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA149-592F27-2E5F36-PDZMMX-VPBSQ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizos, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente e a resolución da Alcaldía do 13 de agosto de 2019, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Rectificar o primeiro punto da resolución de data 13 de agosto de 2019 de clasificación das ofertas presentadas e admitidas neste procedemento, no referido ao nome do licitador clasificado en terceiro lugar, que quedará redactado como segue:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46
3	FLUGE GALICIA	70,92
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Notificar esta resolución a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. para o seu coñecemento e publicala no perfil de contratante”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441)

ANTECEDENTES



Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, con data do 24 de xullo de 2019, adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Termo Variable €/ano: kWh/ano x c€/kWh/100	Prezo Total do Contrato IVE incluído
1	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	286.678,64 €	104.119,19 €
2	ENDESA ENERGÍA, S.A.U.	299.032,48 €	109.224,08 €
3	MULTIENERGIA VERDE,S.L.,	308.696,92 €	113.217,65 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., o día 31 de xullo de 2019, que presenta a documentación requirida os días 7 e 9 de agosto de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:42	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA149-592F27-2E5F36-PDZMMX-VPBSQ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



quinze días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 15 de xullo de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441) por un prezo total de 308.711,10 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 53.577,96 euros.

O prezo ofertado do termo variable total é de 104.119,19 €/ano, sendo o prezo para as tarifas previstas no apartado 3.G.2 das FEC do PCAP o sinalado no cadro que se achega na oferta.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lotes 1 e 2)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:42	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA149-592F27-2E5F36-PDZMMX-VPBSQ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
 - Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
 - Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lotes 1 e 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación, con data do 24 de xullo de 2019, adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (expediente 219-441) na seguinte orde descendente:

a) Lote nº 1: campo de fútbol de Monte da Mina-Castrelos

Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1.- UTE PRACE - COPCESA	95,88
2.- ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	80,93

b) Lote nº 2: Campo de fútbol de San Andrés de Comesaña

Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1.- UTE PRACE - COPCESA	95,88
2.- ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SLU	80,93

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE - COPCESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:42	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA149-592F27-2E5F36-PDZMMX-VPBSQ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



EMETERIO (COPSESA), o día 31 de xullo de 2019, que presenta a documentación requirida o 14 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de agosto de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (COPSESA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (COPSESA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 10 e 18 de xullo de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO (COPSESA) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:42	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA149-592F27-2E5F36-PDZMMX-VPBSQ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) coas seguintes condicións:

- **LOTE 1 (MONTE DA MINA):** o prezo total do contrato é de 157.965,44 €, sendo o importe correspondente ao IVE de 27.415,49 euros.
- **LOTE 2 (SAN ANDRÉS DE COMESAÑA):** o prezo total do contrato é de 148.641,82 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 25.797,34 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación informa aos membros da Mesa de Contratación que con data do 14 de agosto de 2019 se notificou a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. a resolución do 13 de agosto adoptada pola concelleira delegada de Contratación de clasificación e requirimento de presentación da documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, “con excepción dos certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por canto estes serán solicitados de oficio polo Servizo de Contratación ás Administracións correspondentes” tal e como prevé a cláusula 22 do PCAP.

Nas datas 14 e 20 de agosto o citado licitador presentou documentación que é cualificada pola Mesa, resultando correcta.

No entanto, comprobouse de oficio polo Servizo de Contratación na plataforma de intermediación de datos se o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, resultando que non está ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social. Foi incorporado xustificante ao expediente.

Á vista do anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. para que poida acreditar estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:42	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA149-592F27-2E5F36-PDZMMX-VPBSQ4-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		